¿Qué reivindicamos?

Modificar a Lei de Comercio que regule e controle as marxes comerciais ao longo da cadea alimentaria, con total transparencia na formación de prezos orixe-destino, para impedir toda venda por debaixo dos custos de produción e para repartir doutro xeito, que sexa xusto, a marxes comerciais, de modo que non se lle encarezan os produtos ao consumidor de forma abusiva.

Implantar o dobre etiquetado dos produtos agrogandeiros, como mecanismo para que o consumidor/a poida coñercer o valor real dos produtos, o comparar o prezo que ten que pagar nos puntos de venda co que cobraron os agricultores e gandeiros por ese mesmo producto.

Impulsar a trazabilidade dos produtos. O etiquetado debe incluir o lugar de produción e os posteriores centros de transformación ou envasado, de forma que os consumidores/as teñan un coñecemento integral de todo o proceso.

Que produtores e consumidores formen parte da configuración de prezos, que debe ser transparente, establecerse dentro dun marco lexislativo axeitado e en base ao Observatorio de Prezos, para que se traslade á Comisión Nacional da Competencia toda práctica manipuladora e distorsionadora do mercado.

Unha política eficaz de regulación dos mercados, que inclúa unha lexislación contra a especulación, para controlar as maniobras interesadas de intermediarios, gran distribución e patronal.

Un maior control das importacións de produtos agroalimentarios, constatando que non se empreguen sustancias prohibidas na UE na elaboración de alimentos e esixindo para os produtos importados os mesmos controis de calidade, de forma que se garantice a seguridade alimentaria dos consumidores coas mesmas condicións que os alimentos producidos dentro do país.